



SESION ORDINARIA DE 29 DE OUTUBRO DE 2024

(Acta número 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e nove de outubro de dous mil vinte catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	1/41



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de setembro de dous mil vinte e catro, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADDENDA DE MODIFICACIÓN TERCEIRA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación terceira ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da zona C, Ponte de Ferro, Plan de Accesibilidade e parque do hospital que dispón o seguinte:

“PRIMEIRO.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 11/12/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Urbanización da zona C, Ponte de Ferro, Plan de accesibilidade e parque do hospital, asinándose o convenio en data 20/12/2020.

SEGUNDO.- Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 12-11-2021, aprobouse addenda de modificación ao convenio, sendo asinada dita addenda o 12-11-2021, e por acordo da Xunta de Goberno de data 16-09-2022 aprobouse addenda de modificación segunda, sendo asinada dita addenda en data 16/09/2022, quedando incluídos no devandito convenio as seguintes actuacións co financiamento indicado:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN					ACHEGA CONCELLO
	ANU 2020	ANU 2021	ANU 2022	ANU 2023	TOTAL	ANU 2020
URBANIZACIÓN/REPARCELACIÓN ZONA C, INCLUIDO HONORARIOS	7.000,00€	146.500,00€	146.500,00€	0,00€	300.000,00€	723.698,80€

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	2/41





CONSTRUCCION NOVA PONTE METÁLICA E CONEXIÓNS COA RUA SANTA CLARA-CORREDOIRA E O PASEO DO MALECÓN, INCLUIDO HONORARIOS	12.943,00€	0,00€	0,00€	487.057,00€	500.000,00€	1.000.000,00€
PLAN ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS E PARQUES MUNICIPAIS DA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS	7.000,00€	21.500,00€	21.500,00€	0,00€	50.000,00€	245.108,11€
PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL	7.000,00€	71.500,00€	71.500,00€	0,00€	150.000,00€	405.934,16€
SUB-TOTAL	33.943,00 €	239.500,00€	239.500,00€	487.057,00 €	1.000.000,00 €	2.374.741,07 €
TOTAL	3.374.741,07					

TERCEIRO.- Consta no expediente a aprobación das contas xustificativas relativas as actuacións financiadas con cargo ás anualidades de 2020, 2021 e 2022.

CUARTO.- D. José Tomé Roca, Alcalde do Concello de MONFORTE DE LEMOS achega a Deputación de Lugo solicitude, con número de rexistro 2024RT014793 de data 16/08/2024, e posterior aclaración, a través do que solicita a modificación do convenio interadministrativo, incluíndo unha prórroga de dous anos de execución e xustificación das actuacións no relativo á Ponte de Ferro.

QUINTO.- En data 25/09/2024 o Concello de MONFORTE DE LEMOS remitiu reformulación das previsións, solicitando unha ampliación do prazo de execución e xustificación de 4 anos e a modificación da financiación.

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- Seguen vixentes e son de aplicación os fundamentos expresados no informe relativo á aprobación do indicado convenio, con CSV: IV7G2EL4ZYJNXWZS5UMHKFPXCE

SEGUNDO.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio, e cuarta da segunda addenda, precisan que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	3/41



xustificativa, que deberá efectuarse antes do 20/12/2024, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, e estando tamén dentro dos prazos establecidos para execución e xustificación das actuacións, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Ademais, esta prórroga para a execución e xustificación é acorde ao establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, no relativo a ampliación dos prazos.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio ampliando o prazo de execución e xustificación, de xeito que a data límite da vixencia do convenio sexa o 31/01/2030, e co desglose financeiro, por anualidades, que se indica:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN								ACHEGA CONCELLO 2020	
	ANU 2020	ANU 2021	ANU 2022	ANU 2023	ANU 2024	ANU 2025	ANU 2026	ANU 2027		ANU 2028
CONSTRUCCION NOVA PONTE METÁLICA E CONEXIÓNS COA RUA SANTA CLARA-CORREDOIRA E O PASEO DO MALECÓN, INCLUIDO HONORARIOS	12.943,00€		(Aprobada Conta Xustificativa)	0,00€	0,00€	48.705,7€	194.822,80€	194.822,80€	48.705,7€	1.000.000,00€
URBANIZACIÓN/REPARCELACIÓN ZONA C, INCLUIDO HONORARIOS	Aprobada Conta Xustificativa por Resolución da Presidencia									
PLAN ACCESIBILIDADE NOS EDIFICIOS E PARQUES MUNICIPAIS DA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS	Aprobada Conta Xustificativa por Resolución da Presidencia									
PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL	Aprobada Conta Xustificativa por Resolución da Presidencia									

TERCEIRO.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 57, apartado 20 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, resulta competencia do Pleno, atendendo á duración do convenio.

CONCLUSIÓN

Así pois a proposta de modificación terceira do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Este informe substitúe a calquera outro emitido con anterioridade para o mesmo asunto.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	4/41





Por todo o exposto propónse que polo Pleno, unha vez fiscalizado de conformidade, se adopte o seguinte acordo:

Que se aprobe a addenda de modificación terceira ao convenio interadministrativo entre a Excmá. Deputación Provincial de Lugo e o concello de MONFORTE DE LEMOS coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: URBANIZACIÓN DA ZONA C, PONTE DE FERRO, PLAN DE ACCESIBILIDADE E PARQUE DO HOSPITAL do seguinte teor:

“ADDENDA TERCEIRA DE MODIFICACIÓN AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES EN: URBANIZACIÓN DA ZONA C, PONTE DE FERRO, PLAN DE ACCESIBILIDADE E PARQUE DO HOSPITAL, APROBADO POLO PLENO EN DATA

En Lugo

REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Excmá. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra D^a Gloria María Prada Rodríguez, que actúa en nome e representación do concello de MONFORTE DE LEMOS, con C.I.F. P-2703100-D e sé social en Campo de San Antonio, s/n, 27400 - MONFORTE DE LEMOS-, de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa calidade de Tenente de Alcalde.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

As partes comparecentes recoñécense a representación, poderes bastantes e a capacidade xurídica necesaria para obrigarse nos termos da presente modificación do Convenio aceptándose reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 11/12/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de MONFORTE DE LEMOS, coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns consistentes en: URBANIZACIÓN DA ZONA C, PONTE DE FERRO, PLAN DE ACCESIBILIDADE E PARQUE DO HOSPITAL sendo asinado o convenio o 21/12/2020.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	5/41



Segundo.- Por acordo da Xunta de Goberno de data 12/11/2021, aprobouse addenda de modificación ao convenio, sendo asinada dita addenda o 12/11/2021, sendo incluídos os honorarios nas das actuacións URBANIZACIÓN/REPARCELACIÓN ZONA C e CONSTRUION NOVA PONTE METÁLICA E CONEXIÓNS COA RUA SANTA CLARA-CORREDOIRA E O PASEO DO MALECÓN

Terceiro.- Por acordo da Xunta de Goberno de data 16/09/2022, aprobouse a segunda addenda de modificación ao convenio, sendo asinada dita addenda o 16/09/2022, modificándose os prazos de execución e xustificación e anualidades relativas aos investimentos incluídos no convenio.

Cuarto.- D. José Tomé Roca, Alcalde do Concello de MONFORTE DE LEMOS achega a Deputación de Lugo solicitude, con número de rexistro 2024RT014793 de data 16/08/2024, e posterior aclaración, a través do que solicita a modificación do convenio interadministrativo, incluíndo unha prórroga de dous anos de execución e xustificación das actuacións no relativo á Ponte de Ferro.

Quinto.- En data 25/09/2024 o Concello de MONFORTE DE LEMOS remitiu reformulación das previsións, solicitando unha ampliación do prazo de execución e xustificación de 4 anos e a modificación da financiación.

Sexto.- Tal circunstancia motiva a modificación de determinadas cláusulas do convenio interadministrativo suscrito con data 21/12/2020 e addendas subscritas o 12-11-2021 e 16/09/2022 que é preciso operar a través dunha terceira modificación ao mesmo, a cuxo estrito cumprimento quedarán suxeitas as partes asinantes.

Por canto antecede, as partes formalizan e subscriben a presente modificación terceira do convenio con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA – OBXECTO

Modifícase a cláusula primeira, do convenio de interadministrativo suscrito con data 21/12/2020, e addendas subscritas o 12-11-2021 e 16/09/2022 que quedará redactado co seguinte teor:

“[.....]”

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN									ACHEGA CONCELLO 2020
	ANU 2020	ANU 2021	ANU 2022	ANU 2023	ANU 2024	ANU 2025	ANU 2026	ANU 2027	ANU 2028	
CONSTRUION NOVA PONTE METÁLICA E CONEXIÓNS COA RUA SANTA CLARA-CORREDOIRA E O PASEO DO MALECÓN, INCLUIDO HONORARIOS	12.943,00€		(Aprobada Conta Xustificativa)	0,00€	0,00€	48.705,7€	194.822,80€	194.822,80€	48.705,7€	1.000.000,00€
URBANIZACIÓN/REPARCELACIÓN ZONA C, INCLUIDO HONORARIOS	Aprobada Conta Xustificativa por Resolución da Presidencia									
PLAN DE ACCESIBILIDADE EN EDIFICIOS E PARQUES	Aprobada Conta Xustificativa por Resolución da Presidencia									

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	6/41





MUNICIPAIS DA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS	
PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL	Aprobada Conta Xustificativa por Resolución da Presidencia

[.....]”.

SEGUNDA.- Modifícase a cláusula terceira, do convenio de interadministrativo suscrito con data 21/12/2020, e addendas subscritas o 12-11-2021 e 16/09/2022, que quedará redactado co seguinte teor:

“[.....]

e) Executar o investimento indicado na data límite do 31-10-2029, debendo estar cada anualidade executada e xustificada na data límite do 31 de outubro do ano seguinte á anualidade de referencia.

[.....]”.

TERCEIRA.- Modifícase a cláusula cuarta, do convenio de interadministrativo suscrito con data 21/12/2020, e addendas subscritas o 12-11-2021 e 16/09/2022, que quedará redactado co seguinte teor:

“[.....]

A xustificación farase por anualidades, debendo estar executadas e xustificadas na data límite do 31 de outubro do ano seguinte á anualidade .

[.....]”.

CUARTA.- Modifícase a cláusula quinta, do convenio de interadministrativo suscrito con data 21/12/2020, e addendas subscritas o 12-11-2021 e 16/09/2022, que quedará redactado co seguinte teor:

“[.....]

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2020 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2030, debendo estar aprobadas as contas xustificativas na data límite do 31 de decembro do ano posterior á anualidade referida.

[.....]”.

QUINTA.- OUTRAS CLÁUSULAS

As demais cláusulas do convenio interadministrativo suscrito, en tanto non queden afectadas por esta modificación terceira, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio interadministrativo suscrito esta modificación terceira, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	7/41



En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 3 páxinas, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que, como secretario dou fe.”

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos de 2025, 2026, 2027 e 2028 as cantidades indicadas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=2>

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POLA EMPRESA CONCESIONARIA DO CENTRO DE RECRÍA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RELATIVA AO APROVEITAMENTO DA MASA FORESTAL DA PARCELA ADSCRITA AO CONTRATO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta do señor Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, que textualmente di o seguinte:

“Antecedentes

-Solicitud do 14.05.2024 presentada por Recría Castro S.L., empresa concesionaria do Contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación provincial de Lugo “Gayoso Castro” (EXPTE P0028GSP16-ABO) , para realizar a venda de madeira de Pinus radiata (276 pés aproximadamente) , no Polígono 221, Parcela 41, Recinto 22, que forma parte da base territorial adscrita ao dito contrato de concesión.

- Prego de Cláusulas administrativas particulares (PCAP) para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro” aprobado polo Acordo do Pleno da corporación en sesión do 29-11-2016, regula a concesión da xestión e explotación do dito Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	8/41





- Informe do Servizo de Medioambiente do 19.07.2024.
- Informe do servizo da Granxa Gayoso Castro do 17.09.2024.
- Vistas as alegacións presentadas por Recría Castro S.L., de data 01.10.2024, considérase aceptar as alegacións presentadas pola Concesionaria xa que logo o valor dos investimentos que propón para a mellora da base territorial adscrita ao contrato, resultan equivalentes as actuacións propostas pola Deputación Provincial de Lugo, e en todo caso non son desfavorables aos intereses da Administración.

Polo que, tendo en conta o antedito, proponse:

Que o Pleno desta Excma. Corporación adopte o seguinte acordo:

1º.- Prestar a aprobación ao respecto da solicitude de Recría Castro S.L., empresa concesionaria do Contrato de concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación provincial de Lugo "Gayoso Castro" (EXPTE P0028GSP16-ABO), para realizar a venda de madeira de Pinus radiata (276 pés aproximadamente), no Polígono 221, Parcela 41, Recinto 22, que forma parte da base territorial adscrita ao dito contrato de concesión.

2º.- Aceptar as alegacións presentadas pola empresa concesionaria do dito contrato, tal que ésta se compromete a adicar un total de 27.535 € (I.V.E. non incluído) a mellorar a base territorial adscrita ao dito contrato, de xeito que a concesionaria deberá investir 7.583,7 € (I.V.E. non incluído) para a transformación do recinto 22 en terreo agrícola e un total de 19.951,3 € (IVE non incluído) ao mantemento dunha lonxitude total de 5.604,3 m. dos canais de rega existentes na parcela adscrita ao contrato, segundo o disposto no Prego de Cláusulas administrativas particulares (PCAP)), aprobado polo Acordo do Pleno da corporación en sesión do 29-11- 2016. O investimento relativo ao arranxo de avarías en tubos por un importe que ascende a 1.500 € correspóndese coas obrigas de mantemento da concesionaria".

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede".

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=3>

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	9/41



4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2024, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que textualmente di o seguinte:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“Visto o informe de Intervención sobre modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar os correspondente crédito mediante unha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar a actuación reflectida nel, segundo consta na Memoria, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 1.057.404,26€, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicación orzamentaria	Importe
4120.622 Granxa Provincial “Gayoso Castro”, Investimento novo en edificios e outras construcións	1.057.404,26 €
TOTAL	1.057.404,26 €

FINANCIAMENTO:


Concepto Ingresos	Denominación	Importes
420.10	Da Administración Xeral do Estado, Fondo Complementario de Financiamento	1.057.404,26 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

...”

Toma a palabra o Presidente para explicar que o suplemento servirá para licitar a construción dunha granxa de porco celta nos terreos da Granxa Provincial, centrada

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	10/41





na conservación e mellora da raza porco celta e na formación universitaria. A urxencia ven xustificada polo compromiso para que a Facultade de Veterinaria supere as inspeccións europeas previstas o próximo marzo, e que esta manteña un alto posto no ránking de Shangai”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luis Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación, se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=4>

5.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEFENSA DA LINGUA GALEGA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:


“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa condición de deputada voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, D^a Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en defensa da lingua galega.

Exposición de Motivos:

Na súa convocatoria para o 17 de novembro a Plataforma Queremos Galego anima a toda sociedade galega, entidades sociais de todo tipo e persoas a título individual a mobilizarse para un novo rumbo da lingua en atención aos seguintes argumentos.

“Novos datos poñen en evidencia o estado de emerxencia lingüística do galego con niveis de descoñecemento e emprego inéditos na historia da lingua. Son o resultado do predominio e da hexemonía do castelán intensificada nos últimos 15 anos co aumento da exclusión do idioma propio de Galiza da oferta en todos os ámbitos, nomeadamente no ensino, mais tamén no lecer infantil e xuvenil, administración, xustiza, televisión e audiovisual ou nas actividades comerciais e económicas. Así o vimos denunciando dende hai anos. A mobilización social polo idioma de Galiza

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	11/41



logrou que do Consello de Europa ou da ONU dirixisen advertencias á Xunta de Galiza de que habrá de mudar a actitude sobre o galego”.

“Reverter esta situación é posíbel co compromiso de todas e todos, comezando polas institucións galegas e os colectivos sociais. Cómpre, en primeiro lugar, asegurar o dereito de uso do galego e o deber de correspondelo con presenza e disposición como indicaba o PXNLG, que a pesar do desleixo da Xunta e de non se ter posto en práctica nos último 15 anos, mantén obxectivos plenamente vixentes. O PXNLG, como grande acordo nacional pola lingua, debe ser reactivado como punto de partida dunha nova política a favor do noso idioma e da súa normalización”.

Para avanzar na defensa do galego propoñen partir duns puntos mínimos de acordo:

1. Vixencia dos obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua aprobado por unanimidade en 2004.
2. Elaboración por parte da Xunta de Galiza, Estado e entidades locais, coa participación de entidades sociais, dun calendario de acción 2024-2027 para a aplicación e actualización de todas as medidas deste Plan, cos recursos necesarios (humanos, técnicos, económicos...) para levalo a cabo.
3. Este calendario contemplará a avaliación dos resultados das medidas unha vez aplicadas e as correccións que foren precisas.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos:

1º.- Apoiar a convocatoria nacional da Plataforma Queremos Galego para o vindeiro día 17 de novembro de 2024 en Santiago de Compostela.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas nestes 4 ámbitos:

No ensino: Derrogación do decreto 79/2010. Aprobación dun novo decreto que asegure os máximos niveis de docencia en galego en todas as etapas educativas. Garantía inmediata de oferta de materiais didácticos en todas as etapas do ensino.

Actividades comerciais e económicas: Asegurar o pleno dereito de uso do galego, coa atención e a oferta correspondente, en todo tipo de servizos.

Cultura e lecer: Recuperar o papel normalizador da TVG, con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos e potenciación da artes

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	12/41





escénicas e musicais en galego e produción en galego; accións para que se cumpran os mínimos legais de presenza de galego na oferta radiofónica e audiovisual e se aumenten as cotas de dobraxe, lexendaxe, e financiamento anticipado de produción independente. Afortalar o sistema literario e editorial. Uso do galego en actividades deportivas, de tempo libre e extraescolares.

Administración, servizos públicos, sanidade e xustiza: Oferta positiva en galego en todos os servizos da administración pública, for autonómica, estatal ou municipal e incluíndo servizos privatizados dependentes da administración pública. Disposición de galego en programas informáticos, información, formularios, impresos e na atención en todas as súas formas. Coñecemento de galego por todos/as os/as traballadores/as públicos/as”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO ANTE O FRACASO DA ACTUAL POLÍTICA LINGÜÍSTICA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia medidas de fomento do uso do galego ante o fracaso da actual política lingüística.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	13/41



En reiteradas ocasións, este Pleno ten debatido mocións alertando da situación de perda de falantes da lingua galega, do fracaso do modelo lingüístico impulsado polo PP e reclamando cambios para frear esa situación de deterioro. De xeito recente, o fixemos en maio deste mesmo ano, nunha Proposta de Goberno que xa alertaba da situación que veñen de confirmar, por desgracia, as últimas cifras dadas a coñecer polo Instituto Galego de Estatística o pasado día 11 de outubro.

O fracaso do modelo lingüístico da Xunta de Galicia é absoluto en todos os frontes. O galego perde falantes, perde uso no eido oral e no da lectura, e perde, sobre todo, uso entre a mocidade, o termómetro que mide as perspectivas de futuro dunha lingua. En 2018, sempre segundo cifras do IGE, un 31% dos galegos falaba sempre na nosa lingua; hoxe, esa porcentaxe caeu ó 24%. Pola contra, hoxe declara falar sempre en castelán un 30% da poboación, mentres que no 2018 esa porcentaxe era só do 24%.

Esta inversión das porcentaxes a favor do castelán é tan triste como rechamante, e evidencia o fracaso das políticas lingüísticas do PP. De feito, se pode dicir que a Xunta actúa a favor do idioma, do idioma castelán, que é o que se ve reforzado en Galicia cada ano que pasa o PP no goberno.

No eido escolar, o fracaso é igualmente evidente. Un terzo dos rapaces entre 5 e 14 anos din que non saben nada ou case nada do galego, só un 7% o empregan de xeito exclusivo e máis da metade nesa franxa de idade optan exclusivamente polo castelán como lingua de comunicación cos amigos, a familia ou a contorna.


Como xa temos dito en moitas ocasións, a acción de goberno do PP na Xunta deixa ó rural abocado á perda de poboación polos recortes en servizos básicos como educación, sanidade ou a atención ás persoas maiores. Se no eido xeográfico as políticas da Xunta lle quitan poboación ó rural, no eido lingüístico a súa incapacidade ameaza con deixar ó galego sen falantes.

Se falamos de usos culturais tradicionais, o 56% dos galegos só len libros en castelán.

Se falamos das novas tecnoloxías, só un 20% da poboación ve a televisión en galego, proba do escaso nivel de utilidade social real que ten unha TVG convertida en alt falante da propaganda do partido do goberno e incapaz non xa de ofrecer información imparcial senón de fomentar o uso do galego entre a poboación. En redes sociais, só o 7% navega en galego, un reflexo da escasa capacidade da Xunta para impulsar a creación de contidos atractivos neses medios.

Dende o Grupo Provincial Socialista de Lugo, comprometidos sempre ca defensa da nosa lingua, non podemos quedar nen calados nen parados ante esta situación. O galego é a expresión do que somos, o cerne da nosa cultura, o eixo que articula a nosa

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	14/41





visión do mundo. Perdelo é perdernos a nos mesmos. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta:

- A convocatoria dun gran pacto pola lingua elaborado mediante o acordo con todas as forzas políticas do Parlamento e tendo en conta as opinións de filólogos, sociólogos, lingüistas, creadores de contidos e outros expertos independentes que axuden a reverter a actual situación de perda de falantes.
- En paralelo ó anterior, a elaboración dunha nova lei de Normalización Lingüística que teña en conta as tendencias que marcan as cifras do IGE e que teña como obxectivo primordial o fomento do galego entre a mocidade.
- Medidas específicas de fomento da presenza de contidos de calidade en galego na televisión e nas distintas plataformas de redes sociais, cunha liña de axudas específica para os influencers que empreguen o galego nas súas redes.
- O fomento das dobraxes ó galego de series de éxito nas plataformas que ofrecen contidos televisivos, en liña ó que veñen facendo CCAA como Cataluña ou Euskadi.
- Garantir o uso do galego no eido escolar e facilitar ós profesores actividades de formación que lles permitan non só impartir a docencia en galego senón fomentar o uso do galego entre o alumnado alén das horas lectivas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN DE APOIO PARA AS MULLERES DO RURAL.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	15/41



“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia un plan de apoio para as mulleres do rural

A análise dos datos revela que para solucionar os problemas de despoboamento do rural lucense e fixar poboación, é preciso actuar en clave de xénero. Dun xeito global, Lugo perdeu uns 100.000 habitantes nos últimos 50 anos, nos que a provincia pasou de máis de 400.000 habitantes ós 324.267 que ten na actualidade. No ano 2001, 184.309 da poboación eran mulleres, mentres que en 2023 esa cifra caeu a 166.935.

Os datos do INE nos din que dende o ano 2008, unha media de 1.700 mulleres mudan cada ano de residencia dentro da provincia, un movemento que, en xeral, prodúcese dende os núcleos rurais de menor tamaño de cara as cidades e vilas máis poboadas, De feito, os expertos aseguran que de cada tres persoas que hoxe abandonan o rural no noso país, dúas delas son mulleres.


O abandono no que a Xunta ten ó rural galego e lucense ten chegado en multitude de ocasións a este Pleno. Centros de Saúde pechados ou sen médicos; recortes de mestres e oferta en educación; falla de prazas en residencias de maiores; peche de oficinas bancarias; falla de cobertura en telefonía móbil ou internet; deficiencias en servizos básicos como a electricidade ou a cobertura de sinal de televisión.

Este panorama terceiromundista ten, ademais, unha pegada maior na poboación feminina. Porque onde fallan os servizos públicos, a sanidade, a educación ou o coidado os maiores, os usos sociais tradicionais impoñen ás mulleres a asunción dunhas tarefas que condicionan a súa liberdade persoal e condicionan o desenvolvemento do seu proxecto persoal. Por iso moitas mulleres do rural senten que teñen que marchar cara a cidade se queren estudar, emprender ou ter acceso a carreiras profesionais en plano de igualdade co conxunto da poboación masculina.

Dende a Deputación de Lugo vense desenvolvendo accións de apoio ás mulleres do rural, tanto no eido de impulsar servizos sociais como as residencias de maiores, como no que ten que ver cas medidas de formación e apoio ás emprendedoras do rural. Tanto na modernización de actividades tradicionais como no desenvolvemento de traballos pioneiros en eidos como o turismo, a hostalaría e a cultura, as mulleres do rural representan hoxe un potencial do que a provincia non pode prescindir.

Dende o Grupo Provincial Socialista de Lugo, vimos denunciando de xeito reiterado que o deterioro dos servizos públicos no rural afecta de xeito preferente ás mulleres.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	16/41





E que se converte nun factor que incentiva o despoboamento, porque unha familia non pode vivir sen médico, ou conformar cunha escola mal dotada. De xeito semellante, lamentamos a falla de interese e o abandono no que a Xunta deixa ás emprendedoras do rural na súa loita por darlle un novo pulo ó territorio. Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta un Plan de Apoio para as mulleres do rural que contemple, entre outras, as seguintes medidas:

- O impulso ó pleno desenvolvemento dos servizos públicos no rural, en plena igualdade ca carteira de servizos que se poñen a disposición da veciñanza nas cidades.
- O desenvolvemento dunha rede de garderías públicas que facilite a conciliación familiar e o desenvolvemento profesional das mulleres.
- Unha liña de investimentos e créditos específica deseñada a partir das necesidades que expresan as mulleres do rural, destinada a facilitar a innovación ou a modernización das iniciativas xa atendidas por mulleres
- O deseño de cursos de formación deseñados en clave de xénero, tanto en aspectos xerais de xestión, como formación específica en distintos campos, e fomentando expresamente a formación en novas tecnoloxías.
- Garantir ós Concellos os medios suficientes para que os servizos de prevención da violencia de xénero e atención ás vítimas se desenvolvan con plenitude no rural”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.


Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA REIVINDICAR O DÍA 25 DE NOVIEMBRE E A NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS QUE GARANTAN A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	17/41



“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Deputada e en representación do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para reivindicar o día 25 de novembro e a necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentos que garantan a atención á violencia machista

Exposición de Motivos:


A violencia machista é o problema máis importante que afecta á vida das mulleres na nosa sociedade. Unha violencia que, malia os intentos de negala ou homologala a calquera violencia que impulsan as posicións retrógradas da dereita e da extrema dereita, é consecuencia dun sistema de dominación social contra as mulleres, o patriarcado. Fronte a efemérides e datas sinaladas que se converten en rituais e baleiras de contido, a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde manifestada en propostas concretas que melloren a aplicación e desenvolvemento das leis e dos seus instrumentos.

Desde que o inicio das estatísticas no ano 2003, compútanse máis de 70 mulleres asasinadas na Galiza, unha cifra que temos que ser conscientes de que é incompleta pola limitación ao longo do tempo das categorizacións dos feminicidios e pola invisibilidade na que aínda quedan moitos casos pola situación de especial vulnerabilidade das vítimas. No que vai de 2024, o feminismo galego convocounos ás rúas para mobilizarnos xa contra tres feminicidios.

É incuestionable a existencia da violencia machista e o seu forte impacto no noso país. No que vai de 2024 xa acadamos a mesma cifra de feminicidios que no ano 2023. Os feminicidios son a consecuencia máis extrema dunha violencia que no último ano enteiro deixa máis de 1400 ordes de afastamento, 7795 casos activos en Viogen, do que 3231 contan con protección oficial, ou máis de 900 delitos coñecidos contra a liberdade sexual, o maior número e o maior aumento de toda a serie histórica (un 20%).

É preciso, polo tanto, avaliar que podemos facer para evitar o avance da violencia machista e dos feminicidios. Galiza conta cunha lei pioneira, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que inclúe medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	18/41





violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren. Porén, hai aspectos desta lei que non se cumpren ou que non se desenvolven e nos que se está a fallar.

Cada 25 de novembro debemos homenaxear ás miles de mulleres e de colectivos de mulleres grazas aos que a violencia machista está no centro do debate político e a única maneira de o facer é comprometer nos con máis avances.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A corporación da Deputación Provincial de Lugo reafirma o seu compromiso na loita contra a violencia machista, rexeitando calquera discurso banalizador ou negacionista así como calquera retroceso que elimine ou privatice recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e anima á veciñanza da provincia de Lugo a secundar as mobilizacións do movemento feminista.

2º.- Instar á Xunta de Galiza a adoptar prioritariamente as seguintes medidas:

A) Aprobar e dotar orzamentariamente un plan de reforzo dos recursos e persoal necesario para poder prestar a atención precisa á saúde mental na sanidade pública e dar cumprimento ao mandato de prestar a atención asistencia psicolóxica para vítimas de violencia como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias. Este plan contará cunha partida singularizada e orzada nos próximos orzamentos do goberno galego e incluirá, en colaboración co Colexio de Psicoloxía de Galiza, unha proposta de ampliación dos programas xa existentes.

B) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

C) Rectificar a súa decisión de privatizar os futuros centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e garantir a prestación deste servizo desde o sistema público de saúde, con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial e directamente ao cargo da administración pública, así como a acelerar a súa posta en marcha nas sete áreas sanitarias”.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	19/41



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial Popular propón substituír o texto do punto 2 da proposta de acordo formulada, polo seguinte texto:

“2. Instar ao Goberno de España á creación dun novo xulgado exclusivo de violencia de xénero en Lugo e á Xunta de Galicia a garantir a dotación de todos os medios necesarios para o seu correcto funcionamento e seguir afondando no reforzo das políticas autonómicas contra a violencia de xénero”.

A emenda é rexeitada polo Grupo propoñente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=8>


9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, EN APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO AFECTADO POR INCLEMENCIAS METEOROLÓXICAS ADVERSAS E OS SEUS EFECTOS.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular en apoio ao sector agrogandeiro afectado por inclemencias meteorolóxicas adversas e os seus efectos.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	20/41





Exposición de Motivos:

O sector primario é un importante sector para a provincia de Lugo ao xerar riqueza e crear emprego ao mesmo tempo que favorece o asentamento poboación. E, por outra banda, tamén pon en valor os recursos naturais do territorio e garante a conservación da paisaxe e do medio ambiente.

Son moitos os factores externos -independentemente do traballo e dedicación dos gandeiros e gandeiras lucenses- os que inflúen no día a día dunha explotación gandeira e que poden chegar a condicionar a súa viabilidade.

Uns deses factores externos son os imprevistos coma os temporais e outros fenómenos meteorolóxicos adversos coma a borrasca 'Kirk' que, recentemente, provocou danos en cultivos da provincia afectando ao 52% da recollida de millo forraxeiro.

Ademais dos danos nas propias plantas, o temporal provocou inundacións nas parcelas – principalmente na zona da Terra Chá- que dificultan o acceso de maquinaria agrícola para a recollida do millo, un labor aínda sen realizar porque as condicións meteorolóxicas atrasaron a súa sementeira e dificultaron o seu crecemento. As dificultades para traballar a terra, afecta tamén a sementeira de herba que na próxima primavera se recollería tamén como forraxe.


Á vista da importancia de que o sector primario é un motor importante para a provincia e que a Deputación de Lugo vén de recibir máis de 21M€ (21.756.212,86€) procedentes da Liquidación definitiva da participación das entidades locais nos tributos do Estado do ano 2022, o goberno provincial ten a oportunidade de demostrar con feitos o seu apoio ao sector do que forman parte boa parte dos e das lucenses.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo

O Pleno da Deputación de Lugo acorda:

1.- Amosar formalmente o seu apoio ao sector primario da provincia e, particularmente, aos gandeiros e gandeiras lucenses afectados por inclemencias meteorolóxicas adversas e os seus efectos.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	21/41



2.- Instar ao goberno provincial a habilitar unha partida orzamentaria, convocar a resolver á maior brevidade posible unha convocatoria de axudas extraordinarias para cubrir os danos provocados polo temporal en explotacións gandeiras da provincia.

3.- Instar á Xunta de Galicia a incrementar, xa en 2025, a partida orzamentaria que a Consellería de Medio Rural dirixe a fomentar a contratación de seguros agrarios para facer fronte a este tipo de situacións.

4.- Instar ao Goberno do Estado a aprobar e convocar axudas compensatorias para os gandeiros afectados pola climatoloxía”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representantes do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:


“Suprimir o texto íntegro dos acordos da moción e substituílo polo seguinte:

O Pleno da Deputación de Lugo acorda:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia, como administración con competencias en materia de agricultura e gandería, a:

- Habilitar, con carácter urxente, unha liña de axudas directas destinada aos produtores da provincia de Lugo afectados polo temporal Kirk, para compensar as perdas ocasionadas nas producións de millo forraxeiro.
- Crear e poñer en funcionamento, no prazo máximo dun mes, unha central de compras pública para a adquisición de forraxes, co obxectivo de garantir o subministro a prezos controlados e evitar a especulación.
- Activar de xeito inmediato o Observatorio de Custes de Producción, dotándoo dos medios técnicos e humanos necesarios, para permitir a correcta referenciación dos contratos coas industrias.
- Dotar de persoal e orzamento suficiente á AICA galega para garantir o cumprimento efectivo da Lei da Cadea Alimentaria.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	22/41





SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería do Medio Rural”.

A emenda é rexeitada polo Grupo propoñente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, PARA QUE O EQUIPO DE GOBERNO PROVINCIAL INCLÚA INICIATIVAS PARA ATENDER NECESIDADES DOS 67 CONCELLOS NO PROXECTO DE ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A ANUALIDADE 2025.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:


“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para que o equipo de goberno provincial inclúa iniciativas para atender necesidades dos 67 concellos no proxecto de orzamentos da Deputación de Lugo para a anualidade 2025.

Exposición de Motivos:

As Deputacións Provinciais na súa labor de coordinación territorial, de apoio aos pequenos e medianos municipios na prestación de servizos básicos e de impulso de actuacións complementarias en asuntos de competencia municipal son instrumentos necesarios para a xestión local e para o mantemento de municipios de menor poboación e a de Lugo non debe ser allea ás súas funcións principais.

A Deputación de Lugo, ao igual que o resto de Deputacións, debe levar a cabo, entre outras, as seguintes competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente:

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	23/41



A coordinación dos servizos municipais entre si para a asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal e o fomento ou, no seu caso, coordinación da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial.

Á hora de elaborar o orzamento da institución provincial o Sr. Presidente debera facer unha escoita activa e abrir un diálogo co grupo maioritario da corporación, buscando o máximo consenso para aprobar as contas correspondentes á vindeira anualidade para a nosa provincia. Sen embargo, a data de hoxe, este Grupo non recibiu convocatoria de reunión ou xunta portavozes ao respecto.

E, incluso máis importante, debera manter xuntanzas cos rexedores de todos os concellos para coñecer de primeira man as necesidades de investimento e colaboración provincial en todos os municipios, á vista de que a cooperación cos Concellos é un das súas funcións principais. Pero, lamentablemente, tampouco temos coñecemento de que o Sr. Presidente se reunira cos representantes das 67 entidades locais para coñecer as súas demandas e incorporalas ao proxecto de orzamentos para o ano 2025.

Este Grupo Provincial mantivo xuntanzas con representantes electos de todos os municipios da provincia para coñecer as necesidades de cada concello e os seus veciños, proposicións que deberían ser tidas en conta polo goberno provincial para atender demandas urxentes e, polo tanto, ser incorporadas aos presupostos provinciais para o próximo ano.

Estas propostas, que foron plasmadas nun documento dirixido ao Sr. Presidente, rexistrado por este Grupo nesta Deputación, en data 21 de outubro de 2024 con número de entrada no rexistro xeral da institución provincial 2024RPE018591, son relativas a diversas actuacións que a Deputación debería desenvolver ao abeiro das súas competencias establecidas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa aplicable.

Por todo o exposto e coa finalidade de mellorar a calidade de vida dos nosos veciños, un trato igualitario e un maior grado de cohesión económica e social nos municipios da nosa provincia, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	24/41





O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a estudar a inclusión no Proxecto de Orzamentos da Deputación de Lugo, para a anualidade 2025, das propostas que lle trasladou o Grupo Provincial Popular no documento rexistrado nesta Deputación con rexistro de entrada 2024RPE018591, e que tamén se xunta nesta moción, coas que dar resposta ás necesidades dos 67 concellos.

Propostas do Grupo Provincial Popular para incluír no Proxecto de Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2025

ESTRADAS PROVINCIAIS

Plan de rehabilitación e mellora das estradas provinciais

Elaborar e desenvolver un Plan de conservación, mantemento e mellora das vías provinciais que inclúa o ensanche das plataformas e que contemple a renovación do firme, a sinalización vertical e horizontal, así como a instalación dos elementos de seguridade necesarios.

Este Plan debe estar baseado en criterios obxectivos, de igualdade e transparencia, de xeito que á hora de programar as actuacións teñan preferencia aquelas estradas nas que hai máis tempo que non se actúa ou aquelas nas que sexa necesario por razóns urxentes de seguridade.

Dentro destes criterios ter en conta tamén importancia de vía en canto a intensidade diaria de tráfico e conectividade de provincia como, por exemplo, o caso do cinturón comarcal.


Incrementar o orzamento destinado ás estradas provinciais noutros 10 millóns de euros.

Estudo das vías provinciais con posibilidade de ser cedidas aos Concellos previo acondicionamento das mesmas e co acordo do Concello.

Reforzar cunha programación adecuada e efectiva o servizo de desbroce de maleza nas marxes das estradas provinciais; de forma que estas infraestruturas e os seus elementos funcionais dispoñan das mellores condicións de circulación e de seguridade posibles.

Esta programación debe responder unicamente a criterios obxectivos, de igualdade e transparencia, dando prioridade a aquelas estradas que contan cunha maior densidade de tráfico e as de acceso ás praias ou puntos de interese.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	25/41



Plan de limpeza periódica das cunetas das estradas de titularidade provincial que, nalgúns casos, acumulan gran cantidade de vexetación e auga estancada así como envases e plásticos. Así prolongarase a vida útil das vías e reduciranse os custos de mantemento a medio e longo prazo. Garantir un correcto drenaxe das cunetas axudará a previr a erosión e o desgaste do firme e a aumentar a seguridade viaria.

Estudar a posibilidade de reservar partida para o acondicionamento de cunetas revasables con formigón, para mellorar a seguridade das vías máis estreitas e sinuosas da rede provincial.

COOPERACION COS CONCELLOS

Manter reunións cos alcaldes de tódolos Concellos da provincia de cara á elaboración dos orzamentos da Deputación de Lugo
Recibir aos máximos representantes dos 67 Concellos da provincia de cara a recoller propostas e necesidades para ter en conta á hora de deseñar o Proxecto de Orzamentos para a vindeira anualidade.

Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025

O Plan Deputación debe ser o principal mecanismo provincial de Cooperación cos concellos, o garante dos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, no marco da política económica e social, e que asegure a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, limitando deste xeito a aprobación doutros mecanismos de colaboración unicamente a casos excepcionais.


Incrementar a achega provincial ao Plan Deputación en 10 millóns de euros.

Incluír nas bases da vindeira anualidade a posibilidade de solicitar a aplicación de parte da achega provincial ao Plan Deputación a gastos correntes dos Concellos de xeito que cada un poida destinar unha porcentaxe desta achega ao financiamento dos seus gastos correntes devengados durante o exercicio polos bens e servizos de competencia municipal obrigatorios.

Plan anual de posta a disposición do Parque Móbil Provincial

Elaborar e aprobar un Plan anual de posta a disposición do Parque Móbil Provincial para todos os municipios da provincia que teñan unha poboación inferior aos 20.000 habitantes. Este Plan debe estar baseado en criterios obxectivos, de igualdade e transparencia, de maneira que á hora de programar a súa disposición ou traballo teñan preferencia aqueles municipios nos que este non actuara ao longo dos dous

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	26/41





últimos mandatos ou ben sexa necesario por razóns urxentes de seguridade debidamente xustificadas.

Recollida e tratamento de residuos

Cumprir coas competencias da Deputación, segundo establece a Lei 7/1985 e demais normativa aplicable ás EELL, coordinando a prestación supramunicipal do servizo de recollida e tratamento de residuos.

Estudar a posibilidade de liderar dende a institución provincial, a licitación da contratación para a prestación conxunta do servizo de recollida, traslado e tratamento de residuos para os Concellos que libremente decidan adherirse.

Prestar asesoramento técnico e xurídico aos concellos nesta materia e colaborar nas campañas municipais de sensibilización ambiental dirixidas ao fomento da separación e do sistema de recollida selectiva de residuos sólidos urbanos.

Establecer unha liña de axudas destinadas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para sufragar os custes vinculados a este servizo, como son os gastos de infraestruturas, compra de material, pola adquisición de vehículos ou de funcionamento.

Apoio para o financiamento de aplicacións informáticas para a modernización administrativa

Establecer un mecanismo de axuda aos Concellos para o financiamento de plataformas de administración electrónica.


Eficiencia enerxética e supresión de barreiras arquitectónicas

Poñer en marcha unha liña de axudas para os Concellos para realizar actuacións de mellora da eficiencia enerxética e a supresión de barreiras arquitectónicas nas casas consistoriais, centros e instalacións municipais.

Axudas para realizar investimentos como a instalación de ascensores para que todas as persoas con problemas de mobilidade poidan acceder ás distintas dependencias; construción de ramplas para salvar as escaleiras, etc. así como habilitar accesos aos principais puntos de interese cultural e turístico.

Mantemento e posta en marcha de bens de titularidade provincial

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	27/41



Establecer os mecanismos necesarios para cumprir co deber da institución provincial de manter e poñer en valor os bens inmobles que son propiedade da Deputación de Lugo coma a Casona do Incio, a Casa Benedicto en Navia de Suarna, etc.

CICLO DA AUGA

Abastecemento e saneamento da auga

Asumir as competencias que a normativa vixente establece para as deputacións nesta materia e colaborar activamente cos concellos na xestión do ciclo auga:

Prestar asesoramento técnico e legal aos concellos para a tramitación de proxectos, autorizacións, estudos, preparación de solicitudes de axudas vinculadas ao ciclo da auga.

Liderar e impulsar a presentación de candidaturas comúns (concellos e deputación) ás convocatorias de axudas para financiar con fondos europeos ou estatais proxectos e iniciativas para a mellora do ciclo da *auga*.

Aprobar unha liña de axudas provincial para colaborar no financiamento de obras municipais necesarias para garantir o abastecemento de auga potable así como o saneamento na provincia.

CULTURA

Camiños de Santiago

Implicación da Deputación na posta en valor e na difusión das diferentes rutas do Camiño de Santiago ao seu paso pola provincia, a través de campañas de promoción e difusión, colaboración nos eventos que se organicen dende os concellos vinculados ao Camiño e apoio ás iniciativas privadas vinculadas ao mesmo.

Desenvolver actuacións nas estradas provinciais polas que discorren as diferentes rutas do Camiño de Santiago, como a construción de sendas paralelas naquelas vías provinciais onde non existan e a eliminación dos diferentes puntos detectados como perigosos; na rede de estradas provinciais así como a instalación de todos aqueles elementos necesarios para garantir a seguridade de peóns e condutores.

Vía XIX do itinerario de Antonino

Actuacións de impulso na Vía XIX do itinerario de Antonino ao seu paso pola provincia de Lugo.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	28/41





Limpeza, sinalización e difusión do tramo desta vía que une Lugo co límite coa provincia de León e que transcorre ao longo dos concellos de Lugo, O Corgo, Castroverde, Baralla, Becerreá e Cervantes.

Vía Künig

Posta en valor e apoio ás iniciativas de impulso da Vía Künig que discorre a través dos municipios de Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo, onde enlaza co Camiño Primitivo ata Santiago de Compostela.

Impulso dos Museos Provinciais

Deseño e posta en marcha de medidas para a difusión dos museos provinciais e das súas coleccións e recursos (Museo Provincial, Museo-Pazo de Tor, Museo-Fortaleza de San Paio de Narla e Museo Provincial do Mar), do Centro de Artesanía e Deseño e demais espazos museísticos.

Establecer unha maior programación de actividades na rede de museos provinciais.

Elaborar un estudo para a posible inclusión dun novo museo na rede provincial; o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba.

Museos e centros socio-culturais municipais

Establecer unha liña de colaboración directa entre o servizo de cultura da Deputación e os concellos da provincia para a realización de melloras, actividades e actuacións de difusión dos museos e centros socioculturais dos seus municipios co obxectivo de fomentar a cultura e defender o patrimonio das nosas localidades.

Axilización na tramitación de axudas

Mellorar e axilizar a tramitación de axudas a asociacións e entidades culturais da provincia.

TURISMO

Plan Estratéxico de Turismo

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	29/41



Elaborar un Plan Estratégico de Turismo da provincia que teña en conta as necesidades e peticións das asociacións, entidades e empresas que participan na actividade turística da provincia e que forman parte do Consello Provincial de Turismo, así como outros colectivos con implicación no sector.

Plan estratéxico que contemple a desestacionalización do turismo co obxectivo de diversificar a oferta turística e activar a economía da provincia durante todo o ano.

Plan estratéxico que defina o modelo turístico da provincia para os vindeiros anos, que ademais garanta dende a rede provincial unhas boas conexións e accesos aos diferentes puntos de interese turístico e que contemple campañas de promoción e difusión da imaxe da provincia a nivel autonómico, nacional e internacional.

Apoio á candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial de la Unesco

Apoio e colaboración de xeito decidido da Deputación de Lugo para impulsar a candidatura de *Ribeira Sacra* para que consiga no 2026 o recoñecemento pola Unesco como Patrimonio Mundial.

Vías provinciais

Mantemento e mellora das infraestruturas provinciais que discorren pola Ribeira Sacra e mellora da sinalización dos seus recursos turísticos.

Clubs Náuticos

Regularización, impulso e posta en marcha dos clubs náuticos provinciais para mellorar a oferta de turismo fluvial.

Estudar a posibilidade de ofrecer novas rutas en catamaráns.


Complexo turístico de Augasmestas

Realizar as xestións oportunas para a recuperación e posta en marcha das instalacións de Augasmestas, construídas en 1996 no concello de Quiroga.

Vía turística entre os concellos de Paradela e O Saviñao

Impulsar a construción e continuación da LU-P-4206 para conectar os concellos de Paradela e O Saviñao cunha vía turística e de conexión territorial que percorra a beira

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	30/41





do río Miño poñendo en valor a zona e, polo tanto, constituíndo un atractivo turístico máis da Ribeira Sacra.

BENESTAR SOCIAL

Apertura inmediata dos centros de día nos Centros de Atención a Maiores

Incluír unha partida orzamentaria específica para poñer en funcionamento os centros de día localizados nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de Trabada, Pol, Castroverde, Meira, Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Ribadeo, A Fonsagrada e Ribas do Sil, e para garantir a correcta prestación do servizo nos mesmos.

Apertura inminente do centro de día e residencial comarcal en Becerreá

Consignación da partida orzamentaria precisa para a posta en marcha do centro:

- Contratar o mobiliario e materiais para equipar o inmovible construído
- Contratar o persoal necesario para asegurar a prestación do servizo

Axilizar e finalizar as obras de construción (en execución) dos centros de atención ás persoas maiores e centros de día nos concellos de Guitiriz, A Pontenova e A Pobra de Brollón.

Iniciar, se máis dilación, as obras de construción dos centros de atención ás persoas maiores e centros de día (proxectados) nos concellos de Folgoso do Courel e Portomarín.

Redacción dos proxectos de construción dos centros de atención ás persoas maiores e centros de día (comprometidos) como paso previo á súa construción dando cumprimento aos compromisos adquiridos nos concellos de Cervantes, Oourol, Pantón e O Saviñao.

MEDIO AMBIENTE

Recollida de animais abandonados

Creación e posta en marcha, polo menos, de tres centros provinciais de acollida de animais abandonados (un na zona norte, outro no centro e un terceiro no sur da provincia), xa que os municipios non teñen nin a capacidade económica nin de persoal para asumir todas as competencias que se establecen na lei estatal de protección dos dereitos e o benestar dos animais, xa que a maioría dos concellos non contan cos medios técnicos e económicos suficientes para asumir a realización

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	31/41



individualizada desta actividade. Hai que ter en conta que é unha competencia que, por lei, tamén recae nas Deputacións e a de Lugo debe cumprir.

Impulso, mellora e mantemento das zonas verdes de titularidade provincial

Levar a cabo un mantemento axeitado das zonas verdes, rutas, parques e sendas fluviais provinciais como o Camiño do Miño, Paseo do Rato, etc.

Poñer en marcha un programa de axudas a concellos para o mantemento e promoción de sendas verdes.

Creación de novas zonas verdes e zonas de baño

Colaborar cos concellos que o soliciten no acondicionamento de zonas de baño, piscinas e áreas recreativas fluviais.

SECTOR PRIMARIO

Apoiar ao sector agroalimentario, agrícola, gandeiro e pesqueiro da provincia ante a situación que atravesamos coa aprobación dun plan provincial que conte con tres liñas de axuda:

Unha primeira para contribuír á formación dos emprendedores e traballadores do sector e tamén para facer fronte aos gastos xerais de cotas por cotizacións dos profesionais das explotacións agrogandeiras, forestais e do sector do mar e incentivar a contratación de traballadores, contribuír a sufragar os custes de arrendamentos de bens inmobles onde se desenvolva a actividade económica, ou os gastos de produción, alimentos, pensos ou os propios da actividade pesqueira.


Unha segunda liña para afrontar gastos derivados da dixitalización, adquisición e modernización de maquinaria, ferramentas, equipos e instalacións.

Unha terceira liña para gastos correntes e investimentos que subscriban mozos e mozas que se incorporen á actividade, potenciando o emprendemento e fomentando o relevo xeracional.

Posta a disposición dos terreos propiedade da Deputación de Lugo para usos agrarios como, por exemplo, as parcelas adscritas ao Pazo de Tor.

Sendo conscientes do sector da madeira para a provincia, tamén cómpre que o ente provincial se implique no asesoramento e acompañamento legal. E tendo en conta

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	32/41





que tamén os Concellos se vén afectados polas consecuencias dos traballos de extracción, é necesario establecer un réxime para a posta a disposición dos Concellos do parque móbil provincial.

EMPREGO

Fomentar o emprendemento e o emprego local

Poñer en marcha un programa de axudas que promovan a iniciativa emprendedora e o desenvolvemento empresarial nas zonas menos poboadas da provincia para contribuír á dinamización económica e á creación de postos de traballo nos municipios de menor poboación.

SOLO INDUSTRIAL

Levar a cabo un plan de impulso dos polígonos industriais de titularidade provincial con campañas de captación de investimentos a través da busca activa de empresas e emprendedores para o seu asentamento nestas áreas, o estudo de posibles bonificacións do prezo ou outros incentivos para a venda de parcelas existentes.

Impulsar as distintas tramitacións urbanísticas e sectoriais dos distintos polígonos industriais comprometidos, como a aprobación do plan parcial do polígono industrial de Baralla e Pantón para a súa posterior construción, igual que o de Riortorto e outros comprometidos.

Construír os polígonos industriais comprometidos pola institución provincial nos diferentes concellos da provincia.

Acondicionar as parcelas do polígono industrial Ourol de forma que sexan atractivas para posibles empresas ou emprendedores interesados en instalarse nesta área industrial.

DEPORTES

Conservación de instalacións

Reservar partida para a conservación das instalacións deportivas provinciais na provincia de Lugo coma o Pazo dos Deportes, a Escola de Piragüismo e as distintas instalacións fluviais da provincia, entre outros.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	33/41



Axilización na tramitación de axudas

Mellorar e axilizar a tramitación de axudas a deportistas, clubs e asociacións deportivas da provincia.

XUVENTUDE

Plan Provincial de xuventude

Deseñar un Plan de apoio e asesoramento ao emprendemento de mozos e mozas na provincia e para o desenvolvemento de actividades de formación e programas de ocio dirixidos á xuventude”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D. Pablo Rivera Capón, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representantes do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=10>


ASUNTO DE URXENCIA

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que se vai someter á consideración do Pleno unha moción de urxencia presentada polo Grupo Provincial Popular en relación coa planta de Alcoa na Mariña; polo que se procederá en primeiro lugar á xustificación e votación da declaración de urxencia da mesma.

Moción de urxencia do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno de España medidas que contribúan á viabilidade da planta de Alcoa na Mariña.

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	34/41





urxencia do Grupo Provincial Popular para reclamar ao Goberno de España medidas que contribúan á viabilidade da planta de Alcoa na Mariña

Xustificación da urxencia

A situación da planta de alúmina e aluminio na Mariña continúa a ser de incerteza. O Goberno de España non está a garantir prezos da enerxía competitivos e a proposta de acordo entre Alcoa e Ignis EQT como socio inversor, anunciado o 16 de outubro a través dun comunicado de prensa e que recolle unha aportación de 75 e 25 millóns de euros respectivamente para respaldar a continuidade das operacións na Mariña, está condicionado ao apoio das administracións, os traballadores e o comité de empresa.

Ademais, vimos de coñecer que a factoría non poderá optar nesta anualidade ás axudas do Estado por compensacións da compra dos dereitos de emisión de CO2 indirecto nin beneficiarse dos fondos europeos do Proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica (Perte) de descarbonización.

A esta situación hai que engadir que o Goberno de España non convocou no terceiro trimestre deste ano 2024 a mesa de seguimento de Alcoa que supón un prexuízo para os traballadores da fábrica da Mariña. Os seus representantes teñen reclamado a convocatoria da mesa de seguimento atendendo ao pactado pola multinacional, o comité de empresa, o Goberno de España e a Xunta de Galicia en decembro do 2021 e renegociado en febreiro do 2023. No acordo asinado, Alcoa comprometéase a realizar diversos investimentos na planta, ademais de comezar en xaneiro do 2024 o reinicio das cubras de electrólise para a produción de aluminio primario.

Tendo en conta a importancia da actividade desta factoría para a economía da comarca e, por extensión, da provincia; urxe trasladar unha postura unánime dende a institución provincial en sinal de apoio aos traballadores e o mantemento da produción de aluminio primario na comarca.

Exposición de Motivos

A actividade das dúas plantas de Alcoa na Mariña -alúmina e aluminio- supón o 30% do PIB da provincia de Lugo, o que a converte nun dos principais motores económicos da provincia. Ademais, esta é a única fábrica que, ata a parada das cubras de electrólise en xaneiro do 2022, mantiña a produción de aluminio primario en España. A súa actividade foi declarada esencial durante o estado de alarma declarado polo Goberno de España con motivo da pandemia da covid-19 ao considerarse o aluminio como un metal estratéxico para moitos sectores -a construción, a automoción, a farmacia ou o sector agroalimentario, entre outros-.

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	35/41



A situación de incerteza sobre a viabilidade da planta deriva da falta dun marco enerxético estable e competitivo compromete uns 2.000 empregos, ademais de postos de traballo indirectos na comarca.

O Goberno de España, único competente na materia, non foi capaz de abaratar o prezo da enerxía para que a factoría mariñá dispoña dun prezo da enerxía que lle permita competir con fábricas doutros países europeos coa enerxía máis barata.

A industria electrointensiva española non compite en igualdade de condicións con respecto ao resto de industrias europeas para evitar a súa deslocalización pola falta de accións do Goberno de España: o estatuto para a industria electrointensiva é insuficiente, non aproveitou os fondos europeos para un Perte específico do sector como fixeron outros países europeos, non desbloqueou os parques eólicos prometidos nin esgotou a contía máxima -860M€- nas axudas convocadas en concepto de compensación polos costes indirectos de CO2 -xa que se quedou en tan só 300M€-.

Actualmente o futuro da fábrica -e, polo tanto, o mantemento da actividade e do emprego- tamén está vencellado aos investimentos para a modernización da factoría. Pero o Goberno de España aínda non convocou a mesa de seguimento do acordo de Alcoa na Mariña -que debería ter convocado no terceiro trimestre deste ano dando cumprimento ao establecido no acordo asinado en decembro do 2021 e renegociado en febreiro do 2023- despois de transcender a proposta de acordo entre Alcoa e do socio inversor, Ignis EQT.


A mesa de seguimento, coa participación das administracións, a empresa e os representantes dos traballadores, constitúe o marco axeitado para coñecer os detalles do acordo de viabilidade, os compromisos das empresas e os apoios necesarios. A empresa xa manifestou publicamente que unha das condicións necesarias para que o preacordo de investimento sexa efectivo é a consignación de 80M\$ (74M€) correspondentes ás compensacións da compra dos dereitos de emisión de CO2 indirecto que Alcoa non percibiu entre os anos 2018 e 2021.

Outras empresas consideradas estratéxicas para o Estado -Telefónica, Air Europa e, máis recentemente, Arcelor, entre outras- si recibiron axudas públicas, pero a planta da Mariña non está a recibir o mesmo trato.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial acorda:

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	36/41





1. Trasladar o seu apoio unánime aos traballadores directos e indirectos da planta de Alcoa na Mariña e amosa a súa solidariedade coas familias afectadas pola situación de incerteza sobre o futuro da factoría.
2. Reclamar ao Ministerio de Industria e Turismo a convocatoria inmediata da mesa de seguimento de Alcoa San Cibrao.
3. Urxir ao Goberno de España a autorización dos parques eólicos vencellados á produción de enerxía para a factoría mariñá a prezos competitivos.
4. Esixir ao Goberno de España o compromiso para a consignación dos 80M\$ (74M€) correspondentes ás compensacións da compra dos dereitos de emisión de CO2 indirecto que non percibiu entre os anos 2018 e 2021 e o aumento da dotación orzamentaria ata o máximo legalmente permitido pola normativa europea para compensar os custos indirectos por CO2 da industria electrointensiva.
5. Instar ao Goberno de España a articular unha liña de axudas públicas que garantan o investimento para a modernización da planta no mesmo sentido que as que recibiron outras empresas tamén declaradas estratéxicas polo Estado”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a declaración de urxencia moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=11>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL, EN RELACIÓN CO ACORDO ACHEGADO POR ESTA DEPUTACIÓN RELATIVO Á PROPOSTA DE GOBERNO PARA A MELLORA DO REGADÍO DO VAL DE LEMOS, APROBADA NA SESIÓN DO PLENO DE 30 DE XULLO DE 2024.

Dáse conta do informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que tivo entrada nesta Deputación o día vinte e dous do presente mes de outubro, con número de Rexistro 2024RPE018727, en relación co acordo achegado por esta Deputación Provincial relativo á proposta de Goberno para a mellora do regadío do Val de Lemos, aprobada polo Pleno desta entidade en sesión ordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil vinte e catro. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=12>

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	37/41



12.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ata o trinta de setembro de dous mil vinte e catro, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4018 ao 4431. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=13>

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=14>

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo a estrada provincial LU-P-5601, Folgoso do Courel, e que textualmente di o seguinte:


“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A estrada provincial LU-P-5601 en Folgoso do Courel, ao seu paso por Paderne, ten un treito de varias decenas de metros no aire xa que a terra sobre a que se asenta esta vía correu cara abaixo perdendo así gran parte do apoio que sostén a mesma.

Nesta zona, parte do talud sobre o que se asenta a estrada xa se caeu provocando que perda gran parte do terreo no que se apoia, unha situación que pode empeorar coa chegada do inverno e as chuvias que poden reblandecer aínda máis o talud e facer que siga a correr a terra, minorando aínda máis o apoio da estrada.

Trala comunicación desta situación por parte de veciños e Concello, dende a Deputación responderon que unha parte era unha competencia e outra era do Concello. Dende o Concello do Courel xa levaron a cabo os traballos indicados, sen

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	38/41





que dende a Deputación de Lugo se dese ningún tipo de resposta ao problema e o risco que sofren estes veciños.

Urxe, polo tanto, que dende a institución provincial se actúe de xeito inmediato neste punto da estrada xa que existe un perigo real de que a vía poda caer sobre as vivendas que hai na parte inferior ou mentres circulan vehículos pola mesma.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Que a Deputación de Lugo leve a cabo unha actuación inmediata na estrada provincial LU-P-5601, en Folgoso do Courel, ao seu paso por Paderne, para garantir a seguridade dos veciños e dos usuarios da mesma”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á rehabilitación integral da LU-P-0802 e LU-P-2303, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O pavimento das estradas LU-P-0802 (Begonte-Santalla) e LU-P-2303 (Parga-Pedrafita-Santalla) ao seu paso polas parroquias begontinas de Donalbai, Virís e Santalla de Pena atópase totalmente desfeito, con sucesión de fochancas que supoñen un grave risco para a seguridade dos usuarios.

A situación xera un continuo malestar entre os veciños e usuarios non só pola incomodidade que condiciona as comunicacións a través destas vías de titularidade provincial no seu día a día, senón polos danos que provoca nos vehículos.


Así nolo trasladaron os propios veciños e veciñas aos deputados deste Grupo durante unha visita á zona acompañados polo alcalde de Begonte na que podemos comprobar o seu estado totalmente intransitable.

Xa non é suficiente con tapas as fochancas máis grandes, senón que estas vías precisan dunha intervención urxente de rehabilitación integral para garantir a seguridade dos veciños e usuarios.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Aprobe de forma inmediata a execución de traballos para a rehabilitación integral da LU-P-0802 e LU-P-2303 que inclúa a rexeneración do pavimento, a limpeza e

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	39/41



adecuación de cunetas e a debida sinalización horizontal e vertical nos tramos nos que sexa necesario”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ao destino dos fondos da liquidación definitiva da participación nos Tributos do Estado do ano 2022, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

Segundo se indica no informe de Intervención da institución provincial de data 18/10/2024,

“ O 9 de agosto foi ingresada a liquidación definitiva positiva da Participación nos Tributos do Estado (PTE) do ano 2022 polo un importe de 19.634.185,52€ euros, contabilizando no concepto 420.10 a cantidade de 18.206.389,39 €”.

Está previsto que deste importe total 1.057.404,26 € destinarase ao proxecto de construción dunha “Explotación Porcina de Porco Celta na Finca Gayoso Castro”.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:


A que investimentos ou actuacións vai destinar o goberno provincial o resto dos fondos que ven de ingresar a institución provincial procedentes da liquidación definitiva da Participación nos Tributos do Estado do ano 2022?

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ao destino dos bens depositados na parcela das naves de Begonte, e que textualmente do o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

O pasado mes de xuño finalmente, tras solicitalo con anterioridade en diversas ocasións, deputados provinciais deste Grupo, acompañados de persoal da institución, puideron realizar unha visita á parcela da Deputación localizada no Concello de Begonte e as naves alí localizadas; visita na que observaron que nelas almacenábase material de todo tipo: maquinaria de obra e para o coidado e mantemento de zonas

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	40/41





verdes, lanchas pneumáticas, material de balizamento, elementos de xogo de parques infantís, material deportivo, etc.

Entendendo que parte dos bens de titularidade provincial alí almacenados aínda poden ter unha vida útil, este Grupo propuxo que todo aquel material en bo estado e que puidera ser aproveitado polos Concellos da provincia se puxera a disposición de calquera municipio da provincia que os puidesen precisar.

Trala insistencia deste Grupo por coñecer o interior da nave, e de observar o estado e o almacenado na mesma, o Goberno provincial decidiu facer un mínimo mantemento deste espazo e acordou a elaboración dun inventario dos bens que alberga, a valorización e retirada de residuos depositados.

Con posterioridade, Presidencia, como resposta á solicitude deste Grupo, de data 05/08/2024, de acceso e copia ao inventario dos bens anteriormente sinalados, trasladou un informe do servizo de Medio Ambiente, de data 02/09/2024, no que se indica que o prazo establecido para a execución deste inventario se estendería ata o 13 de outubro de 2024.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta que a data de hoxe este inventario xa debiera estar finalizado, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que ten pensado facer o equipo de goberno cos bens provinciais depositados na parcela e nas naves da Deputación Provincial de Lugo localizadas no Concello de Begonte?”.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20241029&punto=15>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Fecha y Hora	04/11/2024 15:56:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VUORCBQMJXTG6AQ75KMPD4Y	Página	41/41

